

ARTE

A conflictividade de Ruben Carpeta e a clonación humana de Isaac Cordal

O proxecto Procesalia 2001 conclúe coas instalacións de dous mozos creadores, Rubén Carpeta e Isaac Cordal, nun espazo expositivo, o coro da compostelá igrexa da Universidade, convertido en nova sala de exposicións na que o visitante encontra unha invitación ó coñecemento da diversidade e complexa expresión plástica contemporánea.

A actitude coa que se enfrontou Rubén Carpeta (Sarría, Lugo, 1974) a este espazo é similar á adoptada por un repertorio ó trasladarse ás zonas de conflito, só que en lugar de leva-la súa equipaxe ós puntos de discordia, o deixou abandonado. O autor aparcou as maletas (cambiando por completo o curso da súa obra) que viña realizando, co seu correspondente itinerario, para volverlas coller cando mellor lle conveña. A obra realizada ex profeso para este espazo é ben diferente ás antigas 'equipaxes'. Estamos ante unha exposición interactiva situada case á beira da lei, no sentido de que se quebranta e se asume un comportamento que transgride calquera tipo de convivencia pacífica.

Apunten é unha instalación onde, nunha especie de *cromlech*, se alternan tres dianas cos seus respectivos espellos. No centro, unha pistola tenta o espectador con balas de pintura. Un escenario que ten como referente a conflictividade dun contorno que pon ó alcance, incluso dos máis novos, obxectos ilegais, armas, convertidos no xoguete preferido por unha sociedade adocorada no medio televisivo ou a través do ordenador, iconas do noso século que son, en moitos casos, elementos case exclusivos de numerosos fogares e do conxunto da sociedade.

O desasosogo vai en aumento ó avanzar pola exposición. Nunha cadeira incómoda, metáfora do despropósito que teñen case por referente a cadeira eléctrica, entretense o visitante ante violentas imaxes que se suceden nas pantallas dos videoxogos.

O visitante non permanece moito tempo sentado na 'peza de reunión';



'Apunten', de Rubén Carpeta, no proxecto Procesalia 2001

desde o momento no que decide tomar asento pasa a converterse nunha vítima potencial dun artilluxio mecánico que, en calquera instante, pode apuntar directamente a todo o que decidiu descansar nunha especie de 'cadeira dos horrores'.

O cénit da acción prodúcese cando o espectador se lle pon en disposición de participar nun tiroteo. Imaxes de cine proxectadas sobre o altar maior simulan un enfrontamento a tiros, provocando ós visitantes (que contan cunha arma ó seu alcance) para responder ó ataque. É como unha gran metáfora da violencia que nos rodea e na que todos, de maneira directa ou indirecta, nos vemos implicados.

Os asentos do coro substitúen as vinteunha voces por dianas. O visitante elixe entre cantar, a través dun micrófono instalado ó efecto, ou denunciar esa violencia que nos resulta tan próxima.

Este discurso movido e tan directo de Rubén Carpeta, cargado de contido

e intención, invita a reflexionar sobre este tipo de instalacións. O artista, curiosamente, tivo en conta o espazo expositivo enmarcando o habitáculo que encerra o seu traballo dentro do esquema de cruz que subliña o esquema clásico dun recinto sagrado.

A clonación humana

Nado o mesmo ano, o pontevedrés Isaac Cordal estréase na súa primeira individual. Procede da escola de canteiros onde foi seleccionado para homenaxear a este tipo de artesán nun momento conmemorativo. O tema das súas instalacións é a clonación humana, a creación de xente igual, múltiple e eterna.

Unha gaiola reticular, habitada por un ser humano na súa soidade, multiplícase a través doutra caixa de espellos repetindo a escena nunha monotónia amarga: Unha cama liteira é outra instalación onde o artista esvara polo tempo adolescente, por unha idade na que o irmán menor intenta imitar o máis vello, téndoo como modelo e heroe. O efecto dunha luz

sobre a superficie dunha cama subindo e baixando, moi na liña de xogar con luces e sombras á maneira de Daniel Canogar, é a estratexia para facer presente a unha figura ausente. Na súa obra é recorrente o efecto da luz para constata-las formas; a través dela a presenza humana duplícase.

A instalación de coadores con rostros humanos crea un pouso común a todos; é unha posible cara de alguén anónimo, equivalente a algún de nós. O ser humano domesticou todo coa súa presenza. Como a de Rubén Carpeta, a arte de Isaac Cordal pretende coincidir coa vida implicando o espectador na propia representación.

En suma, encontrámonos ante unha exposición pouco habitual en Compostela, que pode ferir sentimentos, provocar perplexidades e suscitar entusiasmos. En todo caso, aínda que o espectador non participe nin entre en complicidade cos autores, a mostra non o deixará indiferente.

Fátima Otero Bouza

CINE

Desacougante fondura

Para quen pretenda ir ó cine co propósito de se relaxar, evadirse ou esquecerse do amargor inquietante e ineludible que carrega vivir, non é recomendable que vexa a película dirixida por Michael Haneke, segundo un guión tamén del con base na novela de Jelinek, titulada 'A pianista'. É unha obra dura, sen concesións, que reforza nas fibras máis ocultas dos seres humanos, mesmo dos que gozan con Schubert e Bach, dos que viven na culta e sensata xeografía de centroeuropea, dos que contan con educación esmerada.

'A pianista' é iso: unha profesora de piano implacable, férrea, curtida na dureza da interpretación sensible, minuciosa e exquisita dos máis grandes músicos, que comparte ensino, audición e interpretación das máis belas pezas (sobra dicir que a banda de son é espléndida) coa máis sórdida e tortuosa incapacidade para amar e gozar. A través dun ritmo alternante, que nos transporta da harmonía do piano á turbadora intransixencia da insatisfacción e á friaxe do corpo seco, Haneke dirixe con mestría este concerto de medos, incapacidades e trastornos; esta destemida indagación nos misterios escuros e cheirentos do desexo reprimido, da nai sádica, do pracer distorsionado, da sede sen auga. En 130 minutos, con lixeiros respiros de selecta escolla musical, o filme enrédanos nas teas de araña das inseguridades do sexo, da maraña dos afectos, da trampa do poder e da submisión. Intenso afundimento nas augas máis escuras do ser, na dor máis fría, na desesperanza máis atrevida.

Isabelle Huppert é a cara, a mirada, o andar e angustia da pianista. Impecable. Desde a gabardina case eterna como vestiario ata ese subí-las escaleras que denota represión, eses silencios que transmiten desconcerto, desexo podre, amargura aceda, todo encaixa nela cunha perfección que estarece. Despois de vela sendo a pianista, temo que nunca máis poida asociar a esta actriz con outro personaxe. Arredor dela xira esta peza de fondura desacougante, de provocadora desestabilización, de preguntas e máis preguntas.

'A pianista' é unha película que rana nas feridas con máis materias, nas máis abertas, nas máis curadas, en tódalas feridas que na súa perturbadora fondura nos someten cara a cara diante da luz que ás veces cega, e fai doe-llos ollos, e esmaga.

Miguel Suárez Abel

A Caixa galega do século XXI

caixanova

